Concello de AMES

INFORME SECRETARÍA	
ASUNTO:	Aprobación do Suplemento de crédito 1/2024
EXPEDIENTE GD	18809/2024

A asinante deste informe, a fin de dar cumprimento as esixencias do Plan Antifraude aprobado polo pleno do Concello de Ames en sesión do 31.05.2022 modificado en sesión do 29.09.2022 declara expresamente que non se atopa en ningunha situación susceptible de xerar conflito de intereses en relación co presente expediente e que informarei sen dilación ao órgano competente de calquera situación que constitúa ou poida dar lugar a un conflito de intereses; son coñecedora de que un conflito de intereses pode plantexarse, en particular, por razóns de intereses económicos, afinidades políticas ou territoriais, razóns familiares ou afectivas ou calquera outro interese compartido, que puidese chegar a comprometer a miña imparcialidade no procedemento de contratación en cuestión.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Con data 22.10.2024 a concelleira de Economía e Facenda presentou memoria na que se recolle unha proposta para aprobar o suplemento de crédito número 1/2024.

NORMATIVA APLICABLE

- Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa Aplicación ás Entidades Locais, aprobado polo Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Bases de execución do orzamento do exercicio 2024.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO. Cando deba realizarse algún gasto que non poida demorarse até o exercicio seguinte e para o que o crédito consignado resulta insuficiente ou non ampliable, a Presidencia da Corporación ordenará a incoación do expediente de modificación de créditos na modalidade de suplemento de crédito.

De conformidade co artigo 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e co Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, os suplementos de crédito son aquelas modificacións do Orzamento de gastos mediante os que se asigna un crédito para a realización dun gasto específico e determinado que non pode demorarse até o exercicio seguinte e no que o crédito consignado resulta insuficiente e non pode ser obxecto de ampliación.

DATA DE SINATURA: 22/10/2024
HASH DO CERTIFICADO: 94794F58078E16456C0177DD6EC026B3B160625F
POSTO DE TRABALLO: Secretaria
NOME: PRADA QUEIPO, ROSA ANA
Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC28084DBF472A86C4AA8

DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE Comprobación de autenticidad en la sede electrónica municipal

Os suplementos de crédito poderanse financiar indistintamente con algún ou algúns dos seguintes recursos:

a) Con cargo ao remanente líquido de Tesouraría, calculado de acordo co establecido nos artigos 101 a 104 do Real Decreto 500/1990.

b) Con novos e maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do Orzamento corrente.

c) Mediante anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións do Orzamento vixente non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

Os suplementos de crédito para gastos de investimento poderán financiarse, ademais de cos recursos indicados anteriormente, cos procedentes de operacións de crédito.

TERCEIRO. O órgano competente para a súa aprobación é o Pleno da Corporación, segundo os artigos 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, e 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sen que sexa exixible un quórum especial.

CUARTO. O expediente deberá seguir o trámite disposto nos artigos 168 e 169 do TRLRFL, así como na Base de execución do orzamento nº 11. O procedemento desenvolverase nas seguintes fases:

1. Ditame da Comisión informativa permanente de Economía e Facenda e Especial de Contas.
2. Aprobación inicial polo Pleno do Concello.
3. Exposición pública do expediente por prazo de quince días hábiles, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Se durante este período non se presentasen alegacións polas persoas interesadas, entenderíase que a modificación de crédito foi definitivamente aprobada, en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as alegacións presentadas.
4. Aprobación definitiva polo Pleno, no suposto de presentarse reclamacións; noutro caso, o acordo aprobatorio inicial considerarase definitivo sen necesidade de acordo posterior.
5. Publicación do expediente, resumido por Capítulos, no Boletín Oficial da Provincia.
6.Simultaneamente ao envío do anuncio de publicación indicado no apartado anterior, remitirase copia á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado.

Contra a aprobación definitiva de acordo co disposto no artigo 171 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, as persoas interesadas poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da devandita Xurisdición. Sen prexuízo diso, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

A secretaria
Rosa Ana Prada Queipo

NOME: PRADA QUEIPO, ROSA ANA
POSTO DE TRABALLO: Secretaria
DATA DE SINATURA: 22/10/2024
HASH DO CERTIFICADO: 94794F5807 8E16456C0177DD6EC026B3B160625F
Asinado Dixitalmente no Concello de Ames - https://sede.concellodeames.gal - Código Seguro de Verificación: 15220IDOC28084DBF472A86C4AA8
DOCUMENTO FIRMADO DIGITALMENTE Comprobación de autenticidad en la Sede Electrónica Municipal